

«Algún día...?», poema de Álvaro Cunqueiro

Teresa López

O poema de Álvaro Cunqueiro que hoxe publicamos viu a luz por vez primeira na revista *Céltiga* de Buenos Aires en 1930¹. Non se reproduciu desde aquela, ata onde nós sabemos, a pesar dos importantes contribucións á biobibliografía cunqueiriana realizados nos últimos anos, especialmente en 1991, ano en que lle foi dedicado ao escritor mindoniense o Día das Letras Galegas.

«Algún día...?» pertence á primeira etapa da poesía de Alvaro Cunqueiro, divulgada en xornais e revistas nos anos inmediatamente anteriores á aparición en formato de libro dos seus poemarios iniciais -o primeiro, *Mar ao norde*, en 1932- e presenta características comúns con outros poemas seus publicados nos inicios dos anos 30. Se os poemarios publicados en forma de libro antes de 1936 constitúen un conxunto homexéneo -ampliado por outros poemas non compilados en libro, algúns simples variantes dos poemas coleccionados²-, a característica principal do cal sería a elaboración dun discurso vangardista «Algún día...?» quedaría á marxe desta traxectoria para integrar, xunto con outros poemas xa reeditados, un pequeno grupo máis próximo dunha linguaxe poética post-simbolista ca vangardista. Por isto, é necesario matizar a xeneralizada afirmación crítica segundo a cal Álvaro Cunqueiro se iniciaría como poeta nos camiños da vangarda, e reconsiderar a (fácil) periodización da súa poesía -que ten presente só os libros e que só poderá realizarse apropiadamente cando se dispoña ordenadamente da súa produción poética dispersa. Mentres o coñecemento de novos poemas serve para completar a nosa visión do Cunqueiro poeta, testemuñando outros tons e influencias na súa obra.

No caso de «Algún día...?», parécenos evidente a súa afinidade con algúns dos dispersos cunqueirianos xa compilados, concretamente cos poemas «Rotos mortos»³

1. «Poetas da terra. Algún día...?», *Céltiga*, 136, 25 agosto 1930. A páxina aparece ilustrada con dúas fotografías de rapaces e cun encabezado xeral «Nuestros pequeños».

2. Por exemplo, «Craraboia» (*Galiza*, 3, Sant-Iago, 1932), versión do «Ela-Poema 4» dos *Poemas de si e non* ou a «Cantiga» no nº 10 de *Resol* (Día da Terra, 1936) que é unha versión da nº 9 de *Cantiga nova que se chama riveira*.

3. Reproduciuno A. Requeixo Cuba, «Álvaro Cunqueiro na revista *Galiza* e outros escritos mindonienses», en Departamento de Filoloxía Galega, *Alvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, p. 44, indicando que se publicara en *Galiza*, 1, Sant-Iago do 1930.

«Lonxanías esmorrentes», «Ben quixera» e «No máis esvío cume»⁴. A agrupabilidade destas tres últimas xa foi sinalada polo seu editor considerando a «súa fasquía asonetada, a época común na que foron escritos, e a pegada -nos cremos que evidente- de Noriega e Aquilino»⁵. Convén reparar, ademais en que catro destes poemas se publicaron en 1930; foron, polo tanto, os que serviron a Álvaro Cunqueiro como carta de presentación na poesía galega.

O primeiro elemento que concede unidade e singulariza este grupo de poemas é o feito de constituíren «propostas de soneto». A lectura cunqueiriana do soneto realizaríase así nunha mesma época -a inicial na poesía do autor mindoniense⁶- e cunhas características constantes: un mesmo esquema de rima (ABAB ABAB CCD CCD) -agás nos tercetos de «Rotos mortos»-, a predominancia do metro alexandrino e a irregularidade métrica. Así, Cunqueiro, ao incorporar elementos novidosos con respecto á fórmula sonetística clásica, situaríase no camiño de renovación desta forma métrica aberto pola poesía finisecular francesa e continuado polo Modernismo hispanoamericano ou o Saudosismo lusitano.

O poema que reproducimos consta de dous sonetos (ou variantes de soneto se se prefire), relacionados pola disposición tipográfica e o «II» que antecede o segundo deles, polo título común e por formaren unha mesma secuencia lóxica. Os dous responderían ás características xa sinaladas: están compostos, maioritariamente, por alexandrinos -aínda que con versos hipométricos⁷- e manteñen o esquema de rima sinalado. O feito de estaren enmarcados por unha estrofa (¿realmente popular?) que se repite, a modo de mote e de coda final, parece apuntar á intención de dotar a composición dun aire tradicional e/ou popular, a través da síntese entre estrofa culta e procedemento constructivo característico da lírica tradicional.

En «Algún día...?» destaca a presenza de elementos provenientes da estética finisecular, como o arquetipo feminino recreado, o modelo métrico ou algúns fetiches léxicos modernistas (o reiseñor, as rosas, as estrelas), cunha forte pegada da poesía galega da época máis todo sometido a unha elaboración persoal que anticipa características da produción poética posterior de Álvaro Cunqueiro.

Un aspecto a destacar é a grande similitude deste poema coa poesía inicial de Aquilino Iglesia Alvariño, de forma que podemos considerar que estamos perante o equivalente cunqueiriano dos sonetos de *Señardá*. Os puntos de contacto non se reducen a trazos xerais como a presenza dunha mesma estrutura sonetística, senón que estamos perante pegadas textuais con versos de *Señardá* que se repiten case

4. Recolleunos X. H. Costas no nº 1 de *Animal*, febreiro 1991, coa indicación de que orixinalmente se publicaron en *Vallibria*, nos números correspondentes ao 9 marzo 1930 e ao 5 outubro 1930, e en *O gaitero de Lugo* en 1933, respectivamente.

5. X. H. Costas, Art. cit.

6. Ademais dos poemas xa citados, só coñecemos outro soneto da autoría de Alvaro Cunqueiro, o «Soneto a un cabaleiro descoñecido» que publicou X. H. Costas en *Animal*, 2, xullo 1991.

7. O alexandrino é só a medida predominante pois encontramos ademais un verso heptasílabo (II, 9), un eneasílabo (II, 11) e tres dodecasílabos (I, 1; I, 11 e II, 10), se ben o cómputo silábico pode variar nalgún caso en función dos hiatos ou sinalefas que se realicen. Máis problemático é o verso I, 7 onde quizais falte unha sílaba («Daranche» en lugar de «Darche»), co cal a medida sería a dun alexandrino.

literalmente en «Algún día...?»⁸ e con coincidencias léxicas, como a utilización do verbo «pervagar»⁹, que non poden deberse ao azar. É posible que haxa intención na débeda poética, como parece evidente noutro poema, «Lonxanías esmorrentes», dedicado a Aquilino -quizais co gallo da publicación de *Señardá*-, o que nos fai pensar nunha homenaxe ou nunha maneira de facer explícito ese parentesco que Cunqueiro dicía sentir entre a súa poesía e a de Iglesia Alvariño.

Con todo, hai elementos que a pesar de ser comúns coa poesía de Aquilino non parecen deberse á súa influencia e si ás lecturas comúns realizadas por ambos poetas. Referímonos, concretamente, ao Saudosismo portugués¹⁰. O tratamento concedido tanto á imaxe feminina coma á relación amorosa é facilmente relacionable coa poética saudosista, principalmente polo enfoque temporal que anula o presente: a figura feminina é *evocada* no futuro e a relación amorosa contemplada nun momento de plenitude tamén situado no futuro. A ausencia, a espera, a *saudade* do futuro presiden o poema xa desde o propio título.

«Algún día...?» é un poema do desexo que, ao ter como obxecto a relación home-muller, se transforma nun poema do noivado, como outros que escribirá Cunqueiro. Como tal, cremos que glosa, de maneira axustada, a significación que esta palabra tiña para Teixeira de Pascoaes:

A palabra *noivado* é un pequenino poema de três sílabas, traducindo a alegría do amor-esperanza e a tristeza do amor-saudade, que é a tragédia do fatal divórcio, suavizada aínda pola distancia, insinuando-se no idílio esplendoroso da unión¹¹.

Por isto, o futuro que se anhela vai estar caracterizado a través de trazos (a lúa, a hora máxica de plenitude (as doce), a atmosfera de pureza marcada pola omnipresencia da cor branca...) aos que se lles concede un valor positivo -co que reaparecerán nos *Poemas do si e non* e en *Cantiga nova que se chama riveira*-, mais tamén coa ambivalencia que lles outorga o seu potencial simbolismo mortuario, co cal estamos perante unha suma de dualidades moi cara ó Saudosismo.

En relación co conxunto da poesía de Álvaro Cunqueiro, podemos ler «Algún día...?» como un esbozo da súa visión da relación amorosa. O poema está estruturado desde o punto de vista dese «home namorado que se disfraz de terceira persoa, de

8. Compárense os seguintes versos de *Señardá* (citados pola edición X. Alonso Montero: A. Iglesia Alvariño, *Poesía galega completa*, Vigo: Xerais, 1986) cos de «Algún día...?» sinalados a continuación: «E de xasmis enfeitarán teu scio» («Reverso», v. 14. p. 39) -cf. I, v. 8; «no meu xardín florirán os rosais» («Misticismo», v. 2, p. 46) -cf. II, vv. 1-2; «Oh os meus amados sonos! No carreiriño incérto, /Dá vida son a nube qu'ós hebreos no deserto» («Camiños d'a i-alma», XII, vv.9-10, p. 58) -cf. II, v. 14.

9. Este verbo é utilizado profusamente por Aquilino en *Señardá*, utilización que o profesor Carballo considerou influencia da poesía portuguesa (v. R. Carvalho Calero, «Influências portuguesas no primeiro Aquilino», *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1989, p. 279). Cunqueiro fará uso tamén deste verbo en *Mar ao norde*, no poema dous «De terra adentro»: «Unha ausencia de vento/ pervagando por elas/ deixa ronseis tremosos/ como a palma da agoa» (cf. Á. Cunqueiro, *Obra en galego completa (I). Poesía. Teatro*, Vigo: Galaxia, 1980, p. 36).

10. Quizais esta lectura estivese propiciada pola de Noriega Varela. A terceira edición de *Do ermo*, que incorpora os sonetos, claramente influídos polos poetas saudosistas, publicouse en Mondoñedo en 1929.

11. Cf. Teixeira de Pascoaes, *Os Poetas Lusíadas*, Lisboa: Assírio & Alvim, 1987, (1919), p. 170.

observador distante, de personaxe noivo»¹² e tamén a figura feminina, que asume o papel de noiva, anticipa a amada-noiva que protagonizará os *Poemas do si e non* e aparecerá na *Cantiga nova que se chama riveira*. Mesmo a súa ubicación no espazo da fiestra é un elemento reiterado na poesía cunqueiraiana; lembremos, por exemplo, «Ela-Poema 4» dos *Poemas do si e non*¹³, aínda que é notorio o contraste de ton entre o sentimentalismo que a envolve en «Algún día...?» e o antisentimentalismo irónico que a obxectiviza en «Ela», o que ilustra a distancia estética que separa un e outro poema, a pesar dos poucos anos transcorridos.

En suma, este poema, coas súas débedas e homenaxes, as súas singularidades e asociacións, contribúe a que poidamos ir completando a nosa imaxe do Cunqueiro creador, apreciando mellor o grande poeta que don Álvaro foi.

Algún día...?¹⁴

Nos meus beizos dorme o bico
qu'algún día ch'ei de dar,
coma dormen as estrelas
arroladas polo mar...
(Popular)

Algún día...: Serán as doce na lua;
no lonxe tendidos, meus ollos mirarán,
-Pervagará unha nube mui albina e mui nua,
i-as estrelas, axuda pr'atoparte darán.

Logo: Entr'a meiguice rumorosa d-os pinos
mui loira e feiticeira has de chegarte a min...
Darche gard'as fadas, gardadoras d'os sinos:
Traguerás enfeitado o seo q'un xasmín.

Deluvareiche as maus, falareiche mui quedo,
deliroso ollareite co meu ollar mais ledó
y-entros meus versos lavareite a vagar:

Xuntos percorreremos unhos heidos d'ensono,
en donde, mui amado, xa che alzaron un trono
os anceios sinxelos d'un tarzoso amar...!

[II]

I-alí, nos meus xardins...unha roseira,
daramé rosas brizas que t'han coroar,
I-un manto de ouro, das froles da toxeira,
un rusiñol poeta con trinos ha bordar.

12. Cf. X. M. Álvarez Cáccamo, «A poesía de Álvaro Cunqueiro: do cristal á cinza», en *Álvaro Cunqueiro (1911-1981). Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1991, pp. 2-73. O exemplo máis notorio son os poemas agrupados baixo o título «El» nos *Poemas de si e non*.

13. «Ela andaba á beira da súa fiestra, tan cursi! / que tiña laranxas verdes e un abano con paxaros», versos estes que, ademais, nos traen o eco do «Lied ohne worte» manuelantoniano.

14. Reproducimos o poema tal e como se publicou en *Céltiga*.

Na ventana asomada, mui romántic' a lua:
preto che direi versos, ti, mui leda estarás,
hei bicar sua mau, coidando qu' é a túa,
e mentras ela fuxa, noiva me sorrirás!

Dempois, en tanto amence,
i-a terra, o sol cos seus raios a quence,
ti i-eu...! ...O altar será o cruceiro,

o padriño aquel melro, a madriña esta frol,
o leito, aqeste céspede tan frorido e tan mol,
i-a vida de alí a sempre, es' eterno carreiro...!

Nos meus beizos dorme o bico
qu'algún día ch'ei de dar,
coma dormen as estrelas
arroladas pol-o mar...

Alvaro Cunqueiro Montenegro
Mondoñedo

Teresa López
Universidade da Coruña